

## POSICIONAMENTO DO COLECTIVO MEDICO DA CIG-SAUDE PONTEVEDRA SOBRE O NOVO HOSPITAL DE PONTEVEDRA:

O colectivo médico da Cig-saúde quere manifestar á opinión pública que;

1-Queremos un Hospital Único que conteña o último plan funcional, que foi elaborado co consenso de tódolos profesionais do CHOP, e que incorpora os novos servizos, tan demandados pola cidadanía, de radioterapia, medicina nuclear, hemodinámica, uci pediátrica e neonatal, ciruxía máxilofacial, etc, etc, e que mellora en xeral o anterior Plan Funcional de Montecelo.

2-Dita infraestrutura ten que ser feita con financiamento e xestión pública, e polo tanto, nos opoñemos a calquer intento privatizador da Sanidade Pública en Pontevedra, tanto no tocante o asistencial como no dos servizos xerais de apoio; Cociña, Lavandería, limpeza etc ,etc. e que consideramos imprescindibles como parte dun todo.

3-No tocante a ubicación de dita infraestrutura non nos imos a postular, xa que pensamos que é unha decisión política , e deben ser os políticos quenes se senten a debater e consensuar cal é o asentamento mellor , esquivando cuestións partidistas, pensando unicamente na cidadanía,- da que por certo forman parte os políticos,- e na repercusión que ten para a Saude desta última a decisión a tomar; sin mais dilación, sin dilapidar novamente outros catro anos que empantanen unha decisión final

4-Apoiaremos calquera mobilización que defenda o carácter público da Sanidade e a construción de dita infraestrutura Hospitalaria.

**O colectivo médico e a Agmédica da Cig en Pontevedra;** apoiará a manifestación convocada por tódolos sindicatos da Xunta de Personal da Area Norte de Pontevedra para o vindeiro **7 de Abril de 2010 ás 20:30:** Na defensa da Sanidade Pública e dos postos de traballo.